

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE FEBREIRO DE 2015**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....</b>	<b>4</b>
<b>3</b>	<b>RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....</b>	<b>6</b>
<b>4</b>	<b>TEMPERATURA .....</b>	<b>9</b>
<b>4.1.</b>	<b>Temperatura media das máximas. ....</b>	<b>9</b>
<b>4.2.</b>	<b>Temperatura media das mínimas. ....</b>	<b>10</b>
<b>4.3.</b>	<b>Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000. ....</b>	<b>11</b>
<b>4.4.</b>	<b>Evolución da temperatura media no período 1961-2015. ....</b>	<b>15</b>
<b>5</b>	<b>PRECIPITACIÓN .....</b>	<b>16</b>
<b>5.1.</b>	<b>Precipitación acumulada mensual Febreiro 2015 .....</b>	<b>16</b>
<b>5.2.</b>	<b>Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....</b>	<b>17</b>
<b>5.3.</b>	<b>Días de chuvia en febreiro de 2015 .....</b>	<b>18</b>
<b>5.4.</b>	<b>Evolución da precipitación en febreiro de 2015 .....</b>	<b>20</b>
<b>6</b>	<b>VENTO .....</b>	<b>21</b>
<b>7</b>	<b>RADIACIÓN SOLAR .....</b>	<b>25</b>
<b>7.1.</b>	<b>Mapa de irradiación solar mensual .....</b>	<b>25</b>
<b>7.2.</b>	<b>Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....</b>	<b>26</b>
<b>8</b>	<b>RAIOS .....</b>	<b>27</b>

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 23-03-2015**



## **Mes frío, chuvias normais e abundante neve na alta montaña.**

### **1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de febreiro non foi moi chuvioso, pero si frío, con chegadas de masas de aire polar ou ártico marítimo ao principio e final do mes. Soamente tivemos situacións de chuvia persistente e de intensidade moderada na parte central do mesmo.

Os primeiros 6 días do mes estiveron caracterizados por unha situación na que a posición dun centro de altas presións no Atlántico e unha borrasca localizada no norte de Europa propiciou a aparición dun corredor de isóbaras que achegou unha masa de aire moi fría e húmida procedente do norte de Islandia. Deste xeito foron 6 xornadas de temperaturas baixas e precipitacións, en forma de neve por debaixo dos 1000 metros, quedando a cota de neve por debaixo dos 500 metros nas xornadas do 4 e o 6.

Na xornada do día 4 rexistrouse una nevada moi significativa na capital lucense, véndose tamén algunhas folerpas de neve en Santiago de Compostela nas primeiras horas da mañá.

A partir do día 7 o anticiclón foise achegando algo máis a Galicia polo que as precipitacións tamén foron desaparecendo, aínda que o frío e as intensas xeadas mantivéronse nas seguintes xornadas, ata o día 11. De tódolos xeitos as temperaturas diúrnas foron algo máis elevadas entre os días 9 e 11.

A partir do 12 as baixas presións achegáronse de novo a Galicia polo que a situación cambiou, cun aumento de nubes e algunhas chuvias nesa mesma xornada. Nos días seguintes estas chuvias foron incluso incrementándose, acadando un máximo na tarde-noite do día 14, cando a chegada dun área de moita humidade dende o Atlántico deixou chuvia persistente e de intensidade moderada. As chuvias do día 15 foron de menor intensidade, pero tamén de carácter persistente, ao igual que as do día anterior.

No día 17 as altas presións entraron novamente en Galicia, aínda que os ventos de compoñente norte achegaron humidade dende o Cantábrico, que se transformou en nubes baixas que deixaron chuvia intermitente no norte de Lugo.

As xornadas do 18 e 19 tiveron máis estabilidade, posto que a situación anticiclónica deixou ventos de compoñente leste, polo tanto máis secos. Sen embargo este ventos cambiaron nos días 20, 21 e 22, cando Galicia quedou nun área intermedia entre as altas e as baixas presións con ventos de compoñente oeste que deixaron un tempo de ceos grises e chuvias,



máis cuantiosas e persistentes na xornada do 20 e de xeito máis débil e ocasional o día 22. Na xornada do 23 a posición das altas e as baixas presións fixo que entrase aire frío procedente do noroeste que deixou precipitacións e unha cota de neve por debaixo dos 1000 metros durante a tarde deste 23 e a mañá do 24 con acumulacións significativas de neve nas zonas de montaña de Lugo e Ourense. Este episodio deixou tamén una alerta vermella por mar de fondo no litoral durante a mañá do 24, con ondas que superaron os 10 metros de altura significativa.

Nos derradeiros días do mes, entre o 25 e o 28 a situación foi en xeral intermedia entre as altas presións de Azores e as baixas que circulaban máis ao norte, achegando aire marítimo moi cargado de humidade polo que en liñas xerais o tempo estivo caracterizado polas nubes, a alta humidade, as temperaturas suaves e as precipitacións. No día 27 as altas presións entraron algo máis en Galicia, deixando algunhas horas de melloría e baixada de temperaturas, pero xa o día 28 foi de chuvia persistente e xeneralizada.

## 2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nas anomalías de presión en superficie (figura 1) e 500 hPa (figura 2) pódense observar anomalías positivas sobre o continente europeo, moi marcadas especialmente en Europa do leste, pero tamén afectando á península Ibérica. Este predominio das altas presións non permitiu a chegada de perturbacións dende o Atlántico, polo que o tempo seco predominou durante este mes. Cómpre destacar a importante anomalía negativa ao norte das Illas Británicas, que non se notou no tempo que houbo en terra pero sí erosionou de xeito significativo a situación no mar.



### Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Febreiro 2015




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

### Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Febreiro 2015




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



### 3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI). Debido á necesidade de reubicar a estación de MeteoGalicia na Coruña, emprégase este mes os datos da estación da AEMET nesta cidade.

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuva corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

#### A CORUÑA

	FEBREIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	9.9	10.9	14.1 (2008)	5.8 (1956)
T <sup>a</sup> mínima media	7.4	8.0	10.8 (1990)	2.7 (1956)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	4.4 (día 10)	-3.0 (22/02/1948)		
T <sup>a</sup> mínima máis alta	10.9 (día 28)	15.8 (16/02/1958)		
T <sup>a</sup> máxima media	12.3	13.7	17.9 (2008)	9.0 (1956)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	15.5 (día 10)	27.4 (28/02/1960)		
T <sup>a</sup> máxima máis baixa	7.8 (día 7)	2.6 (11/02/1956)		
Precipitación acumulada	110	71-106	250 (1979)	10 (2012)
Días de chuva (≥1mm)	17	14	25 (1963)	3 (1993)

*Comentario: Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.*

*A precipitación rexistrada foi superior ó rango de valores normais polo que o mes considérase húmido, aínda que moi preto da normalidade. Isto reflíctese tamén no número de días de chuva que superaron o valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2015 Temperatura: 1948-2015



## SANTIAGO

	FEBREIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.6	9.5	11.8 (1998)	7.7 (2005)
Tª mínima media	4.4	5.5	9.0 (1990)	2.8 (2006)
Tª mínima absoluta	0.7 (día 5)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª mínima máis alta	8.3 (día 26)	13.8 (03/02/2004)		
Tª máxima media	10.7	13.5	17.6 (1998)	10.8 (1983)
Tª máxima absoluta	14.9 (día 10)	23.0 (27/02/2009)		
Tª máxima máis baixa	5.7 (día 6)	3.6 (04/02/1994)		
Precipitación acumulada	110	144-170	405 (2010)	6 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	17	14	24 (2014)	3 (2004)

*Comentario:* Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas. Superáronse os rexistros históricos no valor mínimo da temperatura media e máxima.

A precipitación rexistrada foi inferior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. Porén, o número de días de chuvia foi superior ó valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2015. Temperatura: 1982-2015

## LUGO

	FEBREIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	6.0	7.5	10.8 (1990)	3.7 (2005)
Tª mínima media	2.3	3.2	7.5 (1990)	-0.5 (2005)
Tª mínima absoluta	-3.0 (día 10)	-9.0 (17/02/1983)		
Tª mínima máis alta	8.1 (día 26)	15.0 (28/02/1987)		
Tª máxima media	9.6	11.7	16.1 (1998)	7.8 (2005)
Tª máxima absoluta	13.8 (día 28)	23.7(27/02/2009)		
Tª máxima máis baixa	3.4 (día 6)	1.0 (11/02/1978)		
Precipitación acumulada	132	60-99	275 (1979)	16 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	19	12	23 (1977)	3 (1998)

*Comentario:* Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais polo que o mes considérase húmido. Isto refléctese tamén no número de días de chuvia moi superior ó valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2015. Temperatura: 1966-2015

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	FEBREIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.1	9.9	12.8 (2008)	8.2 (1969)
Tª mínima media	5.0	5.2	9.9 (1966)	2.1 (2005)
Tª mínima absoluta	-0.3 (día 8)	-2.8 (12/02/1978)		
Tª mínima máis alta	10.4 (día 26)	14.5 (15/02/1995)		
Tª máxima media	13.2	14.6	18.3 (1998)	12.1 (1963)
Tª máxima absoluta	16.9 (día 18)	29.5 (28/02/1960)		
Tª máxima máis baixa	9.6 (día 6)	2.0 (02/02/1963)		
Precipitación acumulada	130	151-197	526 (1979)	4 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	16	13	26 (2014)	2 (2012)

*Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias. En canto á temperatura mínima o mes resultou normal.*

*A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. Porén, o número de días de chuvia é superior ó valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2015. Temperatura: 1958-2015

**OURENSE**

	FEBREIRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	7.5	9.3	12.4 (1990)	6.9 (2005)
Tª mínima media	2.5	3.7	8.0 (1990)	-0.6(2012)
Tª mínima absoluta	-3.4 (día 9)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	8.9 (día 15)	14.4 (11/02/2007)		
Tª máxima media	12.5	14.9	18.9 (1998)	12.1(1986)
Tª máxima absoluta	17.6 (día 9)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	7.4 (día 4)	5.0 (18/02/1981)		
Precipitación acumulada	41	57-68	245 (1979)	3 (2005)
Días de chuvia (≥1mm)	8	10	23 (2014)	1 (2012)

*Comentario: Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.*

*A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, menor do agardado.*

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2015. Temperatura: 1972-2015






## 4 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral por debaixo dos valores agardados nun mes de febreiro, polo que en xeral podémolo cualificar como frío, sendo as anomalías máis significativas nos valores máximos. Esta situación débese a que nas xornadas de principios e finais do mes, cadrando coa entrada de masas de aire frío, tivemos precipitacións e ventos de norte, de xeito que as mínimas non foron moi baixas, pero as temperaturas apenas subiron, polo que o frío foi máis notorio durante as horas diúrnas.

### 4.1. Temperatura media das máximas.




**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de febreiro de 2015.

En conxunto o valor medio das temperaturas máximas no mes de febreiro foi de 8.9 °C. Os valores máis baixos en torno ós 0°C acadáronse no Macizo de Manzaneda e zona de Trevinca. Os valores máis altos, con case 14°C rexistráronse principalmente na ribeira do Miño, no seu transcurso por Ourense e Pontevedra e zonas costeiras tamén na provincia de Pontevedra.

#### 4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de febreiro foi de 2.3 °C, sendo os valores máis baixos preto dos -5.0°C déronse nas comarcas de Terra de Trives (principalmente en Manzaneda) e terras altas de Valdeorras. Os valores máis altos de temperatura mínima, con case 8°C, rexistráronse nunha fina franxa de todo o litoral galego.



**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de febreiro de 2015.



#### 4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía no conxunto de Galicia no mes de febreiro de 2015, foi de  $-1.5^{\circ}\text{C}$ , polo que o mes considérase frío, no que cabe destacar a anomalía máis alta que non chega aos  $0^{\circ}\text{C}$  de temperatura. Así os lugares máis fríos con respecto ó período 1971-2000 resultaron ser, como cabe esperar, as zonas montañosas de Galicia.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de febreiro respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. A distribución das anomalías máis altas correspóndese principalmente as zonas costeiras.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	-0.5
Cedeira	A Coruña	-0.5
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-0.6
Mondoñedo	Lugo	-0.6
Zas	A Coruña	-0.6
Cariño	A Coruña	-0.6
Vimianzo	A Coruña	-0.6
Camariñas	A Coruña	-0.6
Cambre	A Coruña	-0.6
Betanzos	A Coruña	-0.7

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de febreiro de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilariño de Conso	Ourense	-2.6
Veiga (A)	Ourense	-2.6
San Cristovo de Cea	Ourense	-2.4
Verea	Ourense	-2.4
Mezquita (A)	Ourense	-2.3
Allariz	Ourense	-2.3
Gudiña (A)	Ourense	-2.3
Piñor	Ourense	-2.3
Cervantes	Lugo	-2.3
Manzaneda	Ourense	-2.3

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de febreiro de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Que se deron en diversas localidades da provincia de Ourense, entre as que destacan as comarcas de Valdeorras, e Viana, entre outras.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 9, por riba dos 1000 m, e 19 e 28 por debaixo.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/02/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	18.3
27/02/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	18.2
09/02/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	18.0
28/02/2015	Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	18.0
28/02/2015	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	17.8
09/02/2015	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	17.8
09/02/2015	Areas	Tui	Pontevedra	17.6
09/02/2015	Ourense	Ourense	Ourense	17.6
09/02/2015	Cespón	Boiro	A Coruña	17.6
28/02/2015	Vilamor	Mondoñedo	Lugo	17.5

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/02/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	12.8
28/02/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	11.4
09/02/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	10.1
19/02/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	9.5
27/02/2015	Xurés	Muíños	Ourense	9.3
19/02/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	8.2
28/02/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	7.6
19/02/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	6.5
28/02/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	6.4
28/02/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	6.1

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 8, 10 e 18 foron as máis frías en moitas localidades das provincias de Lugo e Ourense.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/02/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-9.3
04/02/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-8.7
05/02/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-7.8
08/02/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	-7.2
08/02/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-6.8
18/02/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-6.7
08/02/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	-6.5
08/02/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-6.5
04/02/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-5.7
07/02/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-4.6

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2015 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
18/02/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-7.9
18/02/2015	Baltar	Baltar	Ourense	-7.2
18/02/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-6.5
08/02/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-6.0
10/02/2015	Morelle	Sarria	Lugo	-5.8
08/02/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-5.6
08/02/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-5.5
08/02/2015	Riós	Riós	Ourense	-5.5
10/02/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	-5.1
10/02/2015	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-5.0

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2015 altitude inferior a 1000m.



#### 4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 7.5 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para febreiro.

A anomalía media para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -1.3°C, o que fai que o mes poida considerarse frío. Xunto con febreiro de 2012, este mes foi o máis frío dos últimos 10 anos.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en febreiro, respecto ó período 1971-2000.



## 5 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas durante o mes movéronse entre a normalidade e a escaseza. Este comportamento é debido a que tivemos poucas situacións de chuvia con vento do suroeste que son as que normalmente deixan precipitacións persistentes e xeneralizadas. A meirande parte das chuvias estiveron asociadas a ventos do norte que traen aire frío pero con menor aporte de humidade, precisamente por esta baixa temperatura. Os valores mensuais de precipitación máis altos chegaron aos 288 L/m<sup>2</sup>, rexistrados principalmente no norte das provincias de Lugo e Coruña. Porén, en zonas da provincia de Ourense rexistráronse os valores máis baixos (preto dos 30 L/m<sup>2</sup>).

### 5.1. Precipitación acumulada mensual Febreiro 2015





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de febreiro de 2015.





## 5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

Os valores máis altos de porcentaxe de desviación da precipitación con respecto dos normais tiveron lugar nas comarcas dos Ancares e Fonsagrada, onde choveu o dobre do normal. Así, estas rexións pódense considerar moi húmidas, mentres que o resto da provincia de Lugo húmida. Na outra banda, atópanse a baixa porcentaxe de precipitación na comarca de Verín, onde o mes cualifícase como moi seco (choveu menos do 70% con respecto aos valores normais). O gran contraste entre as provincias de Lugo e NE da de Coruña, con respecto ó resto de Galicia, fan que se obteña unha porcentaxe media de 90%, é dicir un 10% con respecto ó período climático 1971-2000, o que se traduce en que o mes en xeral pode considerarse normal..



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de febreiro de 2015.



### 5.3. Días de chuvia en febreiro de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 16.5. Os valores máximos obtivéronse en practicamente toda a provincia de Lugo, con excepción da Mariña, superando os 20 días. Os valores máis baixos estiveron na cidade de Ourense, con 8 días de chuvia. Tamén presentaron valores moi baixos algunhas localidades de Viana e Verín.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de febreiro de 2015.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de febreiro. As xornadas do 14 e do 20 de febreiro foron as que rexistraron máis precipitación en Galicia.

Precipitacións acumuladas máximas en febreiro de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	287
Labrada	Abadín	Lugo	267
Aldea Nova	Narón	A Coruña	259
Cariño	Cariño	A Coruña	238
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	234
Guitiriz	Guitiriz	Lugo	231
Marco da Curra	Monfero	A Coruña	218
Coto Muiño	Zas	A Coruña	217
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	214
Pereira	Forcarei	Pontevedra	213

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2015.


Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Labrada	Abadín	Lugo	47	02/02/2015 0:00
Aldea nova	Narón	A Coruña	45	20/02/2015 0:20
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	43	22/02/2015 9:00
Vigo Campus	Vigo	Pontevedra	43	14/02/2015 9:30
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	41	14/02/2015 5:20
Pereira	Forcarei	Pontevedra	41	14/02/2015 7:50
Muralla	Lousame	A Coruña	40	14/02/2015 7:30
O Val	Narón	A Coruña	40	19/02/2015 19:30
Castrove	Poio	Pontevedra	39	20/02/2015 1:50
CIS Ferrol	Ferrol	A Coruña	39	20/02/2015 0:20

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de febreiro de 2015.




## 5.4. Evolución da precipitación en febreiro de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 122 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 12:** Precipitación ó longo do período 1961-2015 para febreiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi dun 14% por debaixo da media climática. Segundo estas series representativas este mes considérase lixeiramente seco, pero moi próximo a normalidade.



**Figura 13:** Evolución da anomalía de precipitación en febreiro, respecto ó período 1971-2000.



## 6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de febreiro. Foron poucas as estacións que rexistraron ventos superiores a este limiar.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
23/02/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	124.7
09/02/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	123.2
13/02/2015	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	106.3
09/02/2015	Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	105.4
08/02/2015	Lira	Carnota	A Coruña	103.1
13/02/2015	Cariño	Cariño	A Coruña	103.1

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores ós 100 km/h en febreiro de 2015.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	103.1	NE	5		
		Día 8				
Pta. Candieira	Cedeira	123.2	NE	3		
		Día 9				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	93.7	NO	1	<p>INTENSIDADES PORDEBARAS COA DIRECCIÓN # Malpica-A2 # 822915</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Malpica-A2 # 822915</p>
		Día 8				
Río do Sol	Coristanco	72.1	NE	2	<p>INTENSIDADES PORDEBARAS COA DIRECCIÓN # RíoSol-A5 # 822915</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # RíoSol-A5 # 822915</p>
		Día 9				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de Febreiro de 2015 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	93.5	SO	3	<p>INTENSIDADES PORDEBARAS COA DIRECCIÓN # Burela-A4 # 822915</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Burela-A4 # 822915</p>
		Día 13				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de Febreiro de 2015 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	88.5	O	4		
		Día 13				
Rodicio	Maceda	63.6	SO	4		
		Día 16				
Gandarela	Celanova	58.4	NO	14		
		Día 23				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de Febreiro de 2015 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	87.3	N	5		
		Día 17				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	88.6	NO	4		
		Día 23				


**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de Febreiro de 2015 na provincia de Pontevedra.





## 7 RADIACIÓN SOLAR


### 7.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de Febreiro de 2015.




## 7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 761 raios en Galicia. A provincia de Lugo foi a que máis raios rexistrou, e a que menos foi a de Pontevedra con tan só 8 raios. Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes.



**Figura 15:** Número de raios rexistrados en Galicia en febreiro de 2015.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.



**Figura 16:** Número de raios rexistrados por provincias en febreiro 2015.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Choiva
<b>A Coruña</b>																										
A Gándara	6.3	8.7	13.0	10	4.2	0.9	8	186	27.3	14	156	86	94	74	29	84	656	25	85	6	974	23	0			
Aldea Nova	7.2	9.9	13.6	11	5.1	1.6	5	259	45.0	20	230	85	95	71	25	72	564	12	68	9	989	22	0			
Arzúa	5.9	9.6	13.7	10	2.4	-2.2	19	149	19.8	23	119	87	97	70	31	90	689	8	55	17	978	21	8			
Camariñas	10.0	12.2	14.0	28	7.6	2.6	11	138	16.8	20	--	74	86	60	--	--	771	--	78	4	1019	23	0			
Cariño	10.2	11.9	15.3	28	8.0	3.5	19	238	32.4	2	191	78	90	64	25	71	612	26	103	13	1019	23	0			
Cespón	8.8	13.0	17.6	9	5.0	0.2	5	200	37.4	20	159	83	96	64	38	111	783	8	56	23	1018	20	0			
CIS Ferrol	9.0	12.1	16.6	10	6.1	1.1	11	192	38.6	20	157	84	97	65	28	81	646	13	69	8	1019	21	0			
Corrubedo	9.7	12.8	15.5	9	7.0	3.0	6	84	15.9	20	36	79	93	64	40	117	839	15	76	3	1019	19	0			
Coruña-Dique	9.8	11.9	15.4	28	7.3	3.6	10	67	9.4	2	--	84	96	67	-	-	-	21	80	3	1022	19	0			
Coruña-San Diego	12.2	14.6	18.1	28	9.6	5.4	10	97	13.3	2	--	72	85	57	32	92	674	10	63	3	1023	20	0			
*Costa	8.0	12.2	16.7	10	4.2	-0.3	19	113	17.5	3	--	86	97	66	-	-	-	4	42	13	1003	21	1			
*Coto Muiño	6.7	10.7	15.9	10	2.9	-3.5	11	217	25.1	14	-	90	99	73	-	-	-	5	51	3	-	24	7			
Fontecada	6.3	9.7	13.4	9	3.4	-0.7	19	157	23.5	2	122	83	93	67	33	94	711	15	68	3	979	22	4			
*Guísamo	8.1	11.2	15.3	11	5.5	1.6	5	163	31.4	3	--	79	90	64	-	-	-	5	39	8	1002	21	0			
*Lesende	8.1	11.6	16.0	9	5.0	0.9	5	123	16.4	2	86	79	88	62	32	94	683	5	48	23	1002	20	0			
Lira	8.7	11.2	14.1	9	6.7	3.0	4	98	13.9	20	53	80	91	66	39	113	779	24	103	8	-	21	0			
Mabegondo	7.9	12.5	17.1	10	3.7	-2.1	10	116	17.7	2	82	87	98	69	30	88	690	9	60	23	1011	20	6			
Malpica	8.8	11.1	14.6	11	6.6	4.2	4	89	11.0	6	53	86	97	72	31	89	685	31	94	8	1003	21	0			
Marco da Curra	4.4	6.7	10.7	28	2.3	-0.8	6	218	28.6	23	--	90	96	78	24	70	565	--	82	9	945	23	4			
Melide	5.4	9.0	13.4	10	2.3	-3.5	5	146	17.9	20	121	89	97	74	26	74	570	11	64	9	966	21	6			
Muralla	5.0	7.5	11.4	10	2.9	-0.8	4	183	35.4	14	165	93	97	82	22	63	567	27	82	17	944	21	4			
*O Val	8.9	12.0	15.5	11	6.0	-0.6	11	182	39.6	20	-	84	95	68	-	-	-	7	50	23	1014	22	1			
Olas	4.9	8.4	12.6	10	2.0	-1.7	4	161	21.2	2	135	90	98	74	27	78	605	11	64	5	-	22	8			
*Ordes	6.8	10.7	15.1	10	2.8	-3.6	10	96	11.6	2	-	86	96	70	-	-	-	6	52	9	990	20	8			
*Paramos	6.6	9.9	13.5	10	3.4	-0.6	8	151	20.8	3	-	87	96	72	-	-	-	9	50	4	979	21	4			
*Pazo de Galegos	7.5	11.3	15.7	10	4.2	-0.5	5	100	14.4	2	67	87	96	69	33	95	704	5	44	9	996	20	4			
Punta Candieira	8.2	9.7	12.6	11	6.4	2.8	3	101	13.2	20	64	83	93	68	24	69	570	36	123	9	991	21	0			
Punta Langosteira	10.3	12.1	14.6	28	8.1	4.3	8	27	4.9	2	-	78	91	64	31	88	675	25	83	23	1020	17	0			
Río do Sol	5.5	8.4	12.9	10	3.2	-0.2	4	160	20.8	2	134	89	95	77	29	84	631	22	72	9	958	21	2			
*Rus	8.2	12.1	16.2	28	4.4	-1.1	11	164	23.6	3	-	86	97	68	-	-	-	5	65	5	1006	23	4			
Sálvora	10.3	12.4	15.0	9	8.3	4.2	5	109	19.2	20	56	79	91	66	44	129	881	22	91	3	-	19	0			
Santiago-EOAS	7.3	10.7	14.9	10	4.4	0.7	5	110	12.8	3	76	85	95	67	33	95	697	8	55	8	992	20	0			
Santiago-San Lázaro	7.0	10.2	13.9	10	4.1	-0.3	8	112	17.3	3	--	84	94	67	34	98	713	11	57	8	986	21	1			
Sergude	7.1	11.1	15.6	10	3.5	-0.9	8	104	11.6	14	-	88	98	69	27	78	601	-	-	--	-	20	4			
Serra da Faladoira	5.0	7.1	10.8	10	3.0	-0.3	6	287	32.2	20	268	93	98	82	21	60	534	24	105	9	954	23	2			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva
<b>Lugo</b>																										
A Pontenova	5.4	8.2	11.9	28	2.8	-0.8	10	165	22.9	2	-	88	97	74	20	59	506	-	-	--	-	-	-	22	5	
Abradelo	3.4	6.1	10.6	19	0.9	-3.0	8	171	32.4	2	-	87	94	74	23	67	565	-	-	--	-	-	-	22	11	
Alto de Cerredo	2.5	4.6	9.1	28	0.5	-3.1	6	176	35.1	2	--	92	96	83	-	-	-	11	78	9	910	21	9			
*Alto do Faro	3.2	5.7	9.2	28	0.8	-2.4	8	142	26.8	2	-	92	97	81	-	-	-	12	55	17	924	20	10			
*Alto do Poio	-0.4	1.9	6.1	28	-2.5	-6.5	8	214	29.5	2	-	92	95	86	-	-	-	13	70	9	-	-	21	25		
Ancares	-0.3	2.0	6.5	19	-2.3	-6.5	8	197	26.6	2	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	21	25		
*Borreiros	8.4	11.7	15.6	11	5.2	-1.0	19	157	24.8	2	123	82	94	63	21	61	566	6	55	9	1014	22	2			
Bóveda	5.5	9.9	13.9	11	1.9	-4.2	8	86	14.8	20	53	86	97	66	34	99	752	6	54	5	971	21	9			
Burela	6.7	8.8	13.8	28	4.6	1.2	6	131	17.8	20	63	84	96	68	23	66	662	20	93	13	972	21	0			
Campus Lugo	5.8	9.6	13.8	28	2.3	-3.0	10	132	18.4	3	101	84	94	67	29	85	665	6	68	23	974	21	6			
Castro R. de Lea	5.3	9.2	13.1	28	1.8	-5.0	10	111	12.8	2	-	96	100	82	27	78	613	-	-	--	--	-	24	10		
Conchada	4.2	8.0	14.6	9	1.2	-3.9	8	119	17.4	3	-	88	97	73	29	85	636	-	-	--	-	-	21	10		
Corno do Boi	3.8	6.5	10.4	10	1.4	-2.1	4	208	30.3	2	187	93	98	83	26	75	590	19	71	23	-	-	21	9		
Courel	3.5	6.5	13.0	9	0.8	-3.9	8	174	25.8	2	125	88	97	73	25	72	583	10	95	4	931	22	10			
*Fontaneira	2.6	5.2	9.8	19	0.4	-3.3	6	129	16.6	2	--	91	96	82	21	61	520	6	45	24	913	21	10			
Foz	8.7	11.7	17.3	28	5.5	-1.0	10	117	17.8	3	-	78	92	63	27	77	651	-	-	--	-	-	20	1		
Fragavella	5.1	7.5	12.2	28	2.5	-1.7	19	169	28.2	2	141	89	98	76	28	82	653	20	86	13	951	21	4			
Guitiriz	4.1	6.6	10.6	28	1.8	-2.0	4	231	30.3	2	208	90	96	79	23	66	551	17	77	8	941	21	5			
*Labrada	4.3	6.7	11.3	28	2.2	-0.7	6	267	46.4	2	239	87	95	76	26	76	655	14	69	9	-	-	22	4		
*Lanzós	5.1	8.5	12.4	28	2.0	-5.1	10	181	34.4	2	--	90	97	77	-	-	-	5	54	9	965	22	5			
*Lourenzá	8.0	11.8	17.8	28	4.2	-2.8	10	158	29.2	6	-	82	96	63	-	-	-	7	50	13	-	-	21	3		
Marroxo	4.8	8.1	12.9	9	2.1	-2.3	8	59	12.4	2	31	87	96	71	29	85	627	8	50	13	947	20	7			
*Míllara	6.1	11.2	16.1	11	2.4	-2.8	10	40	9.8	2	-	87	99	66	-	-	-	2	40	23	-	-	21	7		
*Morelle	5.2	9.5	14.7	28	1.1	-5.8	10	107	12.0	3	81	88	99	69	23	66	591	4	53	23	973	21	12			
O Cebreiro	-0.4	2.2	6.4	28	-2.7	-6.7	18	167	28.7	2	146	94	98	87	18	52	554	23	79	5	871	21	25			
O Xipro	3.3	5.9	10.8	11	0.8	-3.0	6	146	31.5	2	115	90	96	78	24	68	579	13	68	9	929	21	11			
*Olveda	4.4	8.0	12.0	11	1.4	-2.3	8	89	17.4	2	57	90	98	75	32	92	733	8	48	3	-	-	20	10		
Pedro Murias	9.3	12.0	18.0	28	6.2	0.8	10	128	16.2	3	88	78	89	67	25	73	588	15	71	23	1016	22	0			
Penedo do Galo	5.3	7.4	11.4	11	3.3	-0.3	4	117	15.8	20	-	84	94	70	20	58	519	-	-	--	-	-	23	2		
Pol	4.2	6.9	10.7	11	1.7	-2.1	6	145	18.2	2	-	90	98	77	24	69	566	-	-	--	945	21	9			
Portomarín	5.4	10.0	14.8	28	1.5	-4.6	8	93	17.2	3	-	87	98	66	26	76	639	-	-	--	970	21	9			
Sambreixo	5.1	8.7	12.9	10	1.7	-3.6	10	151	16.8	2	-	89	97	73	27	78	609	-	-	--	-	-	23	10		
*San Clodio	6.2	10.8	17.8	9	2.9	-2.1	9	110	22.2	3	-	86	98	65	-	-	-	3	37	2	992	20	8			
*San Fiz	6.3	10.3	14.0	9	3.0	-2.1	8	68	16.2	2	34	85	97	68	31	89	732	6	38	14	975	20	6			
Ventosa	2.6	5.2	10.2	19	0.0	-4.1	8	128	21.1	2	105	89	96	79	24	71	594	14	68	13	915	21	14			
*Vilamor	8.1	11.8	17.5	28	4.5	-2.6	10	159	25.1	6	122	76	90	60	24	69	601	7	54	14	-	-	19	2		
*Xabrega	6.3	10.9	16.0	9	2.6	-2.3	9	58	14.6	2	-	82	93	61	-	-	-	6	57	23	984	18	7			
*Xabrega	6.3	10.9	16.0	9	2.6	-2.3	9	58	14.6	2	-	82	93	61	-	-	-	6	57	23	984	18	7			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 2

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Ourense</b>																											
A Mezquita	2.5	6.2	11.4	28	-0.6	-5.4	8	67	21.2	2	12	81	93	65	42	121	844	17	91	9	903	14	15				
*A Portela	6.2	10.5	16.2	9	2.5	-3.6	8	99	22.0	2	61	80	95	59	33	96	738	7	53	23	-	19	10				
*A Trabe	4.8	8.5	12.6	27	1.5	-2.9	8	48	16.6	2	7	81	93	64	45	130	902	13	72	5	931	12	8				
Alto do Rodicio	2.6	5.3	10.5	9	0.1	-4.4	8	134	17.1	2	--	91	97	80	30	86	625	16	64	16	908	21	12				
Amiudal	5.5	9.3	13.2	9	2.5	-1.7	8	63	16.8	2	25	81	92	64	39	112	823	14	83	23	957	18	7				
As Petarelas	5.1	9.5	14.3	9	1.4	-3.7	7	85	19.3	2	-	78	92	59	38	112	859	-	-	--	-	19	10				
Baltar	3.7	7.8	12.9	19	-0.2	-7.2	18	61	14.2	2	33	89	100	67	31	91	741	12	54	21	928	18	15				
Cabeza de Manzaneda	-2.7	-0.6	3.4	28	-4.8	-8.7	4	82	13.6	2	--	98	100	94	--	--	--	--	--	--	--	824	20	28			
*Calvos	3.1	6.9	11.7	28	-0.6	-7.9	18	78	15.7	2	51	89	99	71	-	-	-	10	56	17	-	18	15				
Casaio	1.6	4.0	7.6	28	-0.9	-4.9	4	73	17.8	2	--	84	95	70	-	-	-	9	89	9	-	19	18				
*Corzos	0.8	3.9	9.5	19	-2.0	-7.2	8	86	14.7	2	--	88	95	78	-	-	-	9	51	9	-	19	22				
Entrimo	4.7	8.6	13.2	27	1.6	-2.9	8	114	25.8	2	-	85	95	68	34	99	742	-	-	--	-	18	8				
*EVEGA Leiro	6.6	13.8	18.3	9	1.3	-4.9	9	51	13.6	2	-	85	97	56	-	-	-	3	38	17	1010	19	11				
Gandarela	5.4	9.4	13.5	28	2.2	-2.2	8	41	7.4	2	8	86	96	69	31	91	744	12	58	23	949	17	7				
Lardeira	-1.6	0.9	5.4	27	-3.9	-7.8	5	83	23.1	2	--	91	96	82	23	65	649	--	106	13	838	18	26				
*Larouco	5.6	10.0	16.5	9	1.9	-4.3	8	78	16.8	2	-	77	90	58	-	-	-	4	36	3	960	17	11				
Laza	5.0	9.6	14.4	9	1.3	-4.2	9	85	18.2	2	46	81	95	62	40	117	849	7	72	17	-	19	11				
Monte Medo	4.8	8.8	13.8	9	1.5	-4.3	9	85	15.0	2	-	85	97	64	30	87	674	-	-	--	-	0	10				
O Invernadeiro	2.4	6.5	12.8	27	-0.9	-6.8	8	119	25.6	2	64	81	94	63	40	117	871	10	65	17	903	18	18				
Ourense	6.9	12.5	17.6	9	2.5	-3.4	9	41	12.2	2	-	81	96	57	-	-	-	-	-	--	-	20	8				
Ourense-Estacións	7.5	12.9	18.0	9	3.3	-2.2	8	44	13.4	2	8	81	96	57	32	92	705	4	50	23	1008	17	8				
*Pazo de Fontefiz	6.4	10.3	14.6	9	3.0	-1.5	8	72	19.1	2	39	78	89	61	27	79	628	5	46	14	975	19	4				
*Ponte Boga	5.9	9.9	15.8	9	2.6	-3.6	8	67	16.4	2	35	77	89	60	23	67	560	5	53	23	967	19	5				
*Prado	7.1	12.8	16.4	9	2.5	-2.7	9	45	12.9	2	--	83	96	59	-	-	-	3	35	23	1008	15	8				
Remuíño	6.8	13.3	18.2	27	2.2	-3.6	9	43	11.0	2	-	86	98	58	27	78	672	4	47	23	-	17	10				
*Riós	4.0	8.8	13.2	27	-0.1	-5.5	8	55	15.3	2	17	83	96	64	-	-	-	4	40	4	-	14	16				
San Xoán de Río	2.1	5.2	10.1	9	-0.5	-4.6	7	126	23.5	2	101	90	96	79	28	81	624	18	78	3	903	21	17				
Serra do Eixe	0.8	3.7	8.2	19	-1.6	-5.7	4	134	24.9	2	108	89	96	77	33	96	725	17	80	9	880	20	22				
Verín-Vilamaior	5.4	10.3	14.5	27	1.5	-3.3	18	59	12.6	2	21	81	94	61	40	117	775	8	63	21	958	17	11				
Verín-Vilela	5.8	11.3	14.7	9	1.0	-6.5	18	39	8.1	2	-4	80	95	58	44	127	870	8	59	3	-	18	12				
Viana do Bolo	3.5	7.3	12.2	19	0.0	-6.0	8	46	12.4	2	16	84	97	68	32	94	702	10	60	17	923	19	14				
Xares	-2.5	0.1	5.9	19	-4.8	-9.3	8	103	21.3	3	--	90	96	79	8	23	469	--	--	--	824	19	28				
*Xinzo	4.8	9.1	13.0	19	0.9	-5.6	8	49	12.3	2	16	86	98	68	37	107	805	8	52	3	-	19	13				
Xurés	2.4	5.4	9.3	27	-0.3	-4.5	8	102	27.1	2	76	90	98	75	31	90	723	19	89	13	900	18	15				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 2

Provincia Estación	Tª°C				Tª Máxima °C				Tª Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
<b>Pontevedra</b>																												
*A Armenteira	7.2	10.8	15.2	9	3.6	-1.5	8	188	34.2	2	157	87	97	71	31	89	670	5	45	14	-	-	-	21	5			
A Granxa	7.5	13.0	17.1	9	2.8	-3.2	8	136	25.6	20	107	85	98	61	30	88	582	4	48	3	1019	-	-	20	10			
A Lanzada	8.9	12.6	15.9	9	5.3	0.1	5	119	22.4	20	78	83	95	66	40	116	791	15	63	5	-	-	-	19	0			
*Areas	8.2	12.9	17.6	9	4.1	-2.1	5	160	25.8	14	-	86	98	67	-	-	-	2	30	21	-	-	-	19	3			
*Areiro	8.8	12.6	15.8	10	5.4	0.9	8	126	26.5	2	--	81	92	64	-	-	-	4	46	20	1014	-	-	19	0			
*As Eiras	8.5	12.8	17.4	10	4.7	-1.9	5	178	34.4	20	--	82	95	62	33	97	831	4	52	23	1017	-	-	18	1			
Caldas de Reis	7.4	11.2	16.9	9	4.4	0.3	5	101	21.1	2	--	85	94	67	33	95	693	-	-	--	990	-	-	20	0			
*Camanzo	7.3	11.2	15.2	10	3.4	-2.0	8	99	15.9	2	67	86	97	69	29	84	686	7	60	23	998	-	-	22	7			
Castro Vicaludo	6.6	9.2	12.2	10	4.2	-0.1	8	117	20.8	20	84	85	94	73	36	104	710	19	88	2	966	-	-	20	1			
Castrove	6.7	9.7	14.3	10	4.3	0.7	4	200	38.7	20	168	86	94	72	34	98	703	15	75	8	971	-	-	19	0			
*Cequeleños	7.4	11.7	16.6	9	3.5	-1.8	8	109	27.6	2	74	86	99	64	31	91	721	9	54	3	-	-	-	20	5			
Corón	9.7	12.4	15.5	9	6.9	2.3	5	117	24.8	2	72	81	94	65	38	111	806	16	68	23	1021	-	-	19	0			
*Entenza	7.8	12.6	17.1	10	3.5	-2.3	5	128	25.7	20	95	86	98	65	30	86	682	3	39	6	-	-	-	18	4			
Fornelos de Montes	4.8	7.7	12.7	9	2.3	-1.0	4	207	35.0	14	178	86	93	74	31	90	648	19	87	17	939	-	-	20	5			
Illas Cíes	10.0	12.6	15.0	10	7.8	4.0	6	82	16.0	20	35	80	92	67	43	126	856	11	91	2	-	-	-	19	0			
*Louredo	7.2	10.7	13.9	10	3.8	-0.7	8	100	20.5	2	-	85	96	68	-	-	-	4	38	14	993	-	-	18	2			
Lourizán	8.7	13.5	16.9	18	5.3	-0.3	8	130	30.0	2	95	88	98	69	33	96	731	5	52	23	1016	-	-	20	1			
*Meder	7.9	12.2	16.5	10	4.0	-1.1	5	88	16.1	2	--	77	89	59	-	-	-	3	34	17	1005	-	-	18	2			
Monte Aloia	6.2	9.7	14.5	10	3.4	-0.9	8	197	32.1	20	166	83	92	69	30	87	687	8	59	23	965	-	-	19	3			
Mouriscade	5.3	9.4	14.2	9	1.5	-5.5	8	110	19.6	2	80	89	95	79	30	87	698	7	56	23	963	-	-	22	10			
O Viso	7.5	12.0	17.1	10	4.3	-0.2	8	120	24.6	2	86	82	93	65	35	103	739	11	62	3	991	-	-	18	1			
Ons	9.1	11.7	14.1	10	6.9	3.1	8	96	22.4	20	50	83	94	70	45	132	917	21	89	23	1009	-	-	19	0			
Pereira	4.2	7.2	12.2	9	1.7	-1.8	4	213	31.6	14	-	91	97	79	30	88	686	-	-	--	938	-	-	21	7			
*Ponte Caldelas	6.8	10.1	14.4	9	3.8	0.3	6	164	35.6	2	127	80	90	67	-	-	-	7	50	9	980	-	-	20	0			
Queimadelos	6.8	10.3	15.4	9	4.0	0.4	6	167	36.0	2	141	85	93	72	16	47	534	4	40	17	980	-	-	18	0			
Rebordelo	6.3	10.3	15.4	9	2.3	-3.3	8	179	37.0	2	-	86	97	69	33	97	696	-	-	--	980	-	-	21	9			
Sanxenxo	9.1	12.7	16.2	10	5.7	0.2	8	127	26.6	20	86	78	91	61	38	111	787	5	48	2	1019	-	-	19	0			
Serra do Faro	2.3	5.0	8.7	28	0.1	-3.2	4	115	22.4	2	94	90	94	83	26	76	574	24	79	17	906	-	-	21	13			
*Soutomaior	8.0	12.0	16.1	9	4.9	0.1	8	117	25.6	2	--	77	87	60	-	-	-	3	34	24	1002	-	-	17	0			
*Torrequeintás	8.6	12.7	16.8	9	4.9	-0.3	5	132	23.5	2	91	76	87	58	36	103	728	5	58	14	1015	-	-	22	1			
*Tremoedo	8.7	12.7	16.5	9	5.0	-0.3	5	129	23.0	20	--	78	89	60	-	-	-	4	59	26	1015	-	-	20	1			
Vigo	9.1	13.0	16.9	10	5.9	0.9	5	110	19.8	2	-	86	97	67	-	-	-	-	-	--	-	-	-	18	0			
Vigo-Campus	6.9	9.5	13.1	10	4.7	0.8	4	199	36.3	2	159	78	88	63	35	103	747	9	62	14	968	-	-	18	0			
Xesteiras	4.3	7.0	12.0	10	2.3	-1.4	4	234	35.6	14	-	89	95	77	-	-	-	28	86	17	-	-	-	21	6			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.